

Unidade 06. Describe roupa

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

Trebón

A miña nai ten cada cousa! A miña nai é... cómo dicilo, á súa maneira. É como un vendaval que leva por diante todo o que encontra. Pasa a miña nai e teste que coller a algo se non queres saír voando. Todo o mundo di que é do que non hai. E ten razón. Éche moito a miña nai. Se está con outras persoas, escoitas a súa voz e as súas gargalladas por riba das voces das outras. E cando temos que ir a un sitio, vai dez pasos por diante, como se levase présa así nos sobre media hora.

Un día, escoitou que había unha marcha que lle chamaban redutora e debeulle de facer chiste a palabra que, dende aquela, deu en dicir que o mundo vai coa redutora posta. Niso, non nos parecemos nadiña. Eu son completamente diferente. E aínda que me chame lampazúas e me diga —cun sorriso, eh— que sabe o demo a quen saio, eu o que son é un tío equilibrado, un tipo tranquilo, con sangue frío. Con carácter. Así que o día que a vin apoucada por primeira vez, sentada coas mans cruzadas e a cabeza baixa, suspirando aos pouquiños, aquilo non che me gustou nada.

Eu vexo nas películas que, cando sucede isto, soa unha música moi triste, de violíns, e que despois, a nai, cos ollos alagados en bágoas, anuncia unha noticia terrible, e ao fillo cáelle o ceo enriba e chora e berra e enfádase e, ao final, acepta a situación porque o destino é así, parece ser. De maneira que cando me acheguei a ela, xa a tiña tragada. Íame tremendo o sangue, e xa me estaba preparando para ser o protagonista dunha escena e mais para consolala con todas as miñas forzas, cando levanta a cabeza e di:

—Non sei se non teremos que ir vivir a outra vila.


—E logo? —balbucín.

—E logo por que vai ser: polo traballo.

—Boh!—dixen.

—Como que boh!, como que boh!-marchou barafustando despois de erguerse dun chimpo, e xa volveu ser ela de novo. Que susto me deu! Con razón non escoitaba os violíns.

Pois aí está o pai dos merlos: nesa frase da miña nai está o miolo da cuestión. Porque aínda que non foi aí onde empezou todo, si foi onde empezaron a cambiar as cousas.



Antonio YÁÑEZ CASAL
A complicada vida de Bieito Viqueira
Tambre

Unidade 06. Describe roupa

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

1. Responde as seguintes preguntas.

- Quen narra a historia?

- De quen fala?

- Por que se preocupa o rapaz?

- Que era realmente o que pasaba?

- Como describe o rapaz a súa nai?

- E o rapaz, como é?

Unidade 06. Describe roupa

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Comprensión lectora

2. Busca as seguintes palabras no dicionario e anota o seu significado.

Gargalladas: _____

Redutora: _____

Apoucada: _____

Alagados: _____

Balbucín: _____

Barafustando: _____

3. Na lectura aparece a expresión, «o miolo da cuestión».
Explica o que quere dicir.

4. Escribe unha oración coa expresión anterior.

Unidade 06. Describe roupa

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Literatura

5. Le o seguinte texto e contesta as preguntas.

Eu andaría, coma ti agora, polos seis anos. Ao meu papá, teu bisavoíño, tíñano preso por negarse a ir a unha guerra sen sentido. Á mamá non lle quedaba outra ca traballar duro para manternos a min e mais ao meu irmán. Servía polas casas e co que gañaba apenas tíñamos para o carbón. Ao amencer, nós aínda durmiamos; ela ía ao cárcere cunha pota de caldo para o papá e ao volver traía os ollos encarnados, e bagoaba unhas lágrimas que se esforzaba en secar inutilmente. O resto do día o meu irmán quedaba en casa dunha tía e eu ía ao rabo dela.

Lémbrome ben, era a véspera de Reis. Aquel día pasou algo que nunca ata hoxe lle contara a ninguén. Cóntocho a ti para que te acalmes e para que deixes de preguntar cantos galanos, desa morea que lles pediches, che han traer esta noite os Reis.



Antonio REIGOSA

O polimacho e outras criaturas

Tambre

Unidade 06. Describe roupa

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Literatura

- Quen é o narrador no texto?

- En que persoa está a narración?

- **Sinala o tempo da narración. Xustifícao con tres exemplos.**

- Que personaxes interveñen?

- Cal é o personaxe principal?
